TL 5410

VINTE ENTIDADES DE FENE ASINAN UN MANIFESTO DE SOLIDARIDADE CO TIMOR ORIENTAL.

Un total de vinte asociacións e clubes de Fene asinaron un manifesto de solidaridade co Timor Oriental. O texto reclama unha decidida intervención das forzas internacionais que permitan devolver a paz ao pais asiático. A iniciativa partiu de Radio Fene, emisora que realizou na mañá de onte venres, un programa de tres horas de duración en torno á ex colonia portuguesa. Ao longo do espacio entrevistouse ao correspondente da TVG en Porto o ferrolán Carlos Fernandez Amado, o encargado de seguridade da ONU Jorge Baliña e o historiador Jose Fortes Bouzán. Asimesmo interviron en Radio Fene o mestre e escritor Antón Cortizas, o viciño natural de Fene e residente en Australia Martín Diaz e os representantes do PP e de EU Francisco Castro e Eugenia Otero. Tamén participou o alcalde de Fene Xose Maria Rivera.

MANIFESTO.

A finais do ano 1998, a cidadanía de Fene amosou o seu espíritu solidario aportando a través de diferentes iniciativas, mais de dous millóns e medio de pesetas con destino ós damnificados polo furacán Mitch. Hoxe un novo desastre, nesta ocasión doutras características, afecta a outro punto do planeta: os habitantes de Timor leste sofren persecución, violencia e destrucción a mans das milicias indonesias. Ante isto as entidades abaixo asinantes manifestan:

1. A reclamación dunha inmediata e decidida intervención das forzas da ONU que permita devolve-la paz ó Timor leste.
2. A posta en marcha das medidas necesarias que posibiliten executa-lo mandato dos habitantes do Timor expresado en referendo o pasado 30 de agosto.
3. Reclamamos unha efectiva cooperación internacional para reconstruir as infraestructuras destruidas nestes dias.

Fene, a 17 de setembro de 1999.

Asinan:
Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva O Pote de Maniños
Centro de Promoción Social Liga de Amigos de Barallobre
Círculo Mercantil e Industrial Unidade de Fene
Asociación de Veciños de Perlio
Fútbol Sala Boandanza de Fene
Centro de Promoción Social de San Valentin
Asociación de veciños de Magalofes

Asociación de veciños de Limodre
Bloque Nacionalista Galego de Fene
Asoación de veciños de Fene
Partido Popular de Fene
Esquerda Unida de Fene
Partido Socialista Obreiro Español de Fene
Centro Social da 3ª Idade de Fene
Asociación de Amigos do Museo do Humor
Sociedade Cultural O Camiñante
Sociedade Cultural e folklórica Caraveleiras
Club Balonman de Fene
Sociedade Deportiva Recreativa de Limodre
A Coral Polifónica de San Valentín
Sociedade Cultural Recreativa Agarimo de Sillobre.